



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 09 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00055170R.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. COMERCIO. Referencia: 2022/00054608Z.

Aprobación das bases da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal do Concello de Santiago de Compostela 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal do Concello de Santiago 2022.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, polo que a concesión e pagamento dos premios queda supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente no exercicio 2023.

3. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2022/00054392M.

Aprobación da convocatoria do concurso “Decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2022”.

3. Acórdase:

Primeiro. Aprobar as bases do concurso “Concurso Decoración de Nadal Veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2022” en réxime de concorrencia competitiva e a tramitación anticipada de gasto por importe de 2.000 euros.

Terceiro. A concesión destes premios estará suxeita á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio 2023.

Cuarto. Publicar as bases do concurso no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

4. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00015585E.

Validar as actuacións levadas a cabo polo servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de M. F. M., A. M. S., M. L. de S., e X. N. L. como persoal laboral fixo, coordinadores de centros socioculturais, subgrupo A2 e equiparados salarialmente ás retribucións do persoal funcionario nivel 20 de complemento de destino e específico correspondente a tal nivel.

Acórdase vallidar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de M.F.M., A.M.S., M.L. de S., e X.N.L. como persoal laboral fixo, coordinadores de centros

socioculturais, subgrupo A2 e equiparados salarialmente ás retribucións do persoal funcionario nivel 20 de complemento de destino e específico correspondente a tal nivel.